

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

AXENDA INSTITUCIONAL DE ALTOS CARGOS DA XUNTA DE GALICIA PARA HOXE, SÁBADO, 11 DE ABRIL DE 2026**PRESIDENCIA****TURISMO DE GALICIA****LUGO**

11,30 h.- O director de Turismo de Galicia, Xosé Merelles, clausurará os seminarios teórico prácticos impartidos no marco da Cátedra de Hidroloxía Médica, que conta co apoio da Xunta.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DA CORUÑA**BETANZOS (A Coruña)**

09,00 h.- A delegada territorial da Xunta na Coruña, Belén do Campo, participará no corte de cinta de saída da Copa de España de Fémias-Comarca Brigantina-Camiño de Santiago.

Posteriormente, ás **15,00 h.**, o secretario xeral para o Deporte, Roberto García, participará na entrega de premios da proba ciclista.

A CORUÑA

11,00 h.- A delegada territorial da Xunta na Coruña, Belén do Campo, asistirá á lectura do manifesto con motivo do *Día Mundial do Parkinson*.

12,00 h.- A delegada territorial da Xunta na Coruña, Belén do Campo, visitará os obradoiros organizados pola Asociación Galega de Artesáns con motivo dos *Días Europeos da Artesanía 2026*.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE FERROL**FERROL**

19,00 h.- A delegada territorial da Xunta en Ferrol, Martina Aneiros, asistirá ao partido entre o Baxi Ferrol e o Casademont Zaragoza.

21,00 h.- A delegada territorial da Xunta en Ferrol, Martina Aneiros, asistirá ao partido correspondente á 32ª xornada da Liga de 1ª Federación, entre o Racing Club de Ferrol e o Real Madrid Castilla.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

LUGO

- 09,30 h.-** O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, participará na inauguración da xornada educativa *Medrando xuntas*.
- 12,30 h.-** O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, asistirá á final de Bacharelato e á cerimonia de clausura do torneo Lugo Debate.
- 19,00 h.-** O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, asistirá ao partido da liga ACB entre o Breogán e o Andorra.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE VIGO

VIGO

- 17,45 h.-** A delegada territorial da Xunta en Vigo, Ana Ortiz, asistirá á entrega de premios do Festival Move It.

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

A CORUÑA

- 19,00 h.-** O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, **Diego Calvo**, o conselleiro de Facenda e Administración Pública, **Miguel Corgos**, e o conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, **José López Campos**, acompañados polo secretario xeral para o Deporte, Roberto García, asistirán ao partido de Primeira FEB que enfronta o Leyma Coruña co Monbus Obradoiro.

COSPEITO (Lugo)

- 11,00 h.-** O secretario xeral para o Deporte, Roberto García, asistirá ao partido de Primeira FS Iberdrola entre o FSF Castro Bloques Cando e o Futsi Atlético Navalcarnero.

VILALBA (Lugo)

- 12,45 h.-** A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias, Sandra Vázquez, participará na entrega de trofeos da Xornada Norte da Liga de Deporte de Base de Loitas Olímpicas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

11,00 h.- A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, **Ángeles Vázquez**, presentará a campaña de concienciación sobre biorresiduos *Co marrón somos máis verdes*.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

SANTIAGO DE COMPOSTELA

09,30 h.- O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e FP, **Román Rodríguez**, acompañado polo director xeral de Centros e Recursos Humanos, Jesús Álvarez, inaugurará o Congreso *Intelixencia artificial e educación. Da comprensión técnica ao impacto humano*.

18,00 h.- O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e FP, **Román Rodríguez**, participará na clausura das xornadas *Abril Oteriano 2026* e na entrega do II Premio Otero Pedrayo de relato breve.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

A ESTRADA (Pontevedra)

18,00 h.- A conselleira de Política Social e Igualdade, **Fabiola García**, visitará as novas instalacións da unidade de Atención Temperá da Estrada.

MARÍN (Pontevedra)

19,15 h.- A conselleira de Política Social e Igualdade, **Fabiola García**, comprobará o avance das obras da residencia de maiores pública autonómica de Marín.

PONTEVEDRA

20,00 h.- A conselleira de Política Social e Igualdade, **Fabiola García**, participará na gala de entrega dos V Premios Mulleres Femupo da Federación pola Igualdade das Mulleres da Provincia de Pontevedra.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

RIBADUMIA (Pontevedra)

12,00 h.- A conselleira de Economía e Industria, **María Jesús Lorenzana**, acompañada do director da Axencia Galega da Industria Forestal (Xera), Alfredo Fernández Ríos, visitará A Casa do Té do Pazo Quintero da Cruz, beneficiaria de axudas da Xera.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

LALÍN (Pontevedra)

12,00 h.- A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, **María Martínez Allegue**, dará conta do impulso de novas vivendas públicas en Lalín.

13,00 h.- A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, **María Martínez Allegue**, acudirá ao evento "MotoCocido".

CONSELLERÍA DE SANIDADE

PONTEVEDRA

09,00 h.- O conselleiro de Sanidade, **Antonio Gómez Caamaño**, intervirá no acto de inauguración das *V Xornadas Nacionais de Tecnoloxías Diagnósticas da Sociedade Española de Pediatría de Atención Primaria (SEPEAP)*.

CABANA DE BERGANTIÑOS (A Coruña)

14,00 h.- O conselleiro de Sanidade, **Antonio Gómez Caamaño**, asistirá ao xantar solidario da Asociación Española contra o Cancro en Cabana de Bergantiños.

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

LALÍN (Pontevedra)

12,00 h.- O secretario xeral da Lingua, Valentín García, será nomeado novo cabaleiro comendador da Moi Serena e Moi Noble Orde da Amizade.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A ESTRADA (Pontevedra)

13,00 h.- O secretario xeral da Lingua, Valentín García, participará no acto de inauguración do monolito aos escritores de Berres Avelina e Marcial Valladares e Manuel García Barros.

FORCAREI (Pontevedra)

19,00 h.- O secretario xeral da Lingua, Valentín García, asistirá ao XI Festival de Música Tradicional Galega- Forcarei 2026.

VILANOVA DE AROUSA (Pontevedra)

13,15 h.- A directora xeral de Xuventude, Lara Meneses, visitará o campamento *Náufragos 360*.

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN**A POBRA DE TRIVES (Ourense)**

10,00 h.- O secretario xeral de Emprego e Relacións Laborais, Pablo Fernández, participará no acto da convivencia de Impact Campus Galicia, iniciativa na que participan persoas e entidades do ecosistema emprendedor.

BAÑOS DE MOLGAS (Ourense)

10,00 h.- O director xeral de Comercio e Consumo, Gabriel Alén, asistirá á demostración de olería tradicional en Tioira con motivo dos *Días Europeos da Artesanía*.

OURENSE

11,00 h.- O director xeral de Comercio e Consumo, Gabriel Alén, visitará os obradoiros de bixutería de María Aba; de vidro e cerámica, impartido por Graciela Jiménez, e de coiro, a cargo de Mestura de Kores dentro dos *Días Europeos da Artesanía*.

XUNQUEIRA DE ESPADANEDO (Ourense)

12,30 h.- Os directores xerais de Comercio e Consumo, Gabriel Alén, e de Patrimonio Cultural, Ángel Miramontes, así como o delegado territorial da Xunta en Ourense, Manuel Pardo, asistirán á VI Fornada Tradicional de Niñodagua coincidindo cos *Días Europeos da Artesanía*.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RIBADAVIA (Ourense)

11,00 h.- A xerente da Fundación Artesanía de Galicia, Elena Fabeiro, visitará o obradoiro de coiro impartido por Antonina Kadyrova no marco dos *Días Europeos da Artesanía*.

VILA DE CRUCES (Pontevedra)

16,00 h.- A xerente da Fundación Artesanía de Galicia, Elena Fabeiro, asistirá ao evento Artesanía de Galicia en Merza, apoiado pola Xunta e coa colaboración do obradoiro Eferro coincidindo cos *Días Europeos da Artesanía*.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**CARBALLEDO (Lugo)**

14,00 h.- A conselleira do Medio Rural, **María José Gómez**, participará na III edición da Festa do Cocido do Porco Celta.

A ESTRADA (Pontevedra)

13,30 h.- O director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, José Balseiros, asistirá aos actos da Feira Cabalar de Pascua.